



# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

## DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra subvencionada "Tarefas de mantemento forestal", de data 10 de maio de 2019.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas para o fomento do emprego no medio rural) para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo)*, aprobadas o 24 de abril de 2019, por Decreto de Alcaldía Nº 185.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o Decreto de Alcaldía nº 227 de 14 de maio de 2019, no que se recolle por erro a contratación por período incorrecto, no seu apartado terceiro, que queda sen efecto, polo que procedo a

### RESOLVER:

**Primeiro.-** Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Tarefas de mantemento forestal".

**Segundo.-** Aprobar a contratación dos seguintes aspirantes seleccionados para cubrir dous postos de peón para a realización da citada obra:

- D. Luis Arias Valcárcel con NIF 33825705L.
- D. Diego Gigán Rodríguez con NIF 33551907J.

Vista a renuncia presentada mediante escrito rexistrado co nº 1299 de 13 de maio de 2019, do seleccionado ó posto de traballo, Diego Gigán Rodríguez, por estar preparando oposición de bombeiro forestal.

Resulta aprobada a contratación de D. Jonatan Carballeiras Vázquez con NIF 34289824K, da lista de aspirantes de reserva, ademáis de D. Luis Arias Valcárcel.

**Terceiro.-** Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo completo (100% da xornada), por un período de 9 meses comprendido entre os días 15 de maio de 2019 a 14 de febreiro de 2020 (ambos incluídos).

**Cuarto.-** Instar aos candidatos seleccionados para que presenten, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

**Quinto.-** Determinar que a retribución dos traballadores relacionados que se van contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10	PEÓN	8411D	1.100,00	37,80	415,80	1.515,80	9	100%	27.284,40
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>				<b>1.100,00</b>	<b>37,80</b>	<b>415,80</b>	<b>1.515,80</b>	<b>9</b>	<b>100%</b>	<b>27.284,40</b>

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

**Sexto.-** Publicar o presente decreto na páxina web [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal), para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE